



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 22 de abril de 2021, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.

- **Vocais:**
 - o D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - o D^a. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - o D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - o D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación

- **Secretario da Mesa:** D. Iago Alexandre López Álvarez

- **Técnicos asistentes á Mesa:**
 - o Don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello de Oleiros

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:

Orde do día

1. 2021/CONTRAT/000012 - SUBMINISTRACIÓN DE FERROS, ACEIROS E METAIS

Acto de apertura dos sobres ÚNICOS (documentación administrativa e proposición):

(A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto privado e a apertura da oferta económica será en acto público)

- Apertura da documentación administrativa (acto non público).
- Apertura e valoración, se procede, das ofertas económicas (acto público).
- Proposta de adxudicación, se procede.

2. 2021/CONTRAT/000024 – SUBMINISTRO DE MATERIAL CONSUMIBLE DE OFICINA





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa).

Acto público de:

- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2021/CONTRAT/000023: "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)"

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

4.- 2021/CONTRAT/000008: SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS, UNIDADE DE SALVAMENTO E POLICÍA LOCAL 2021- LOTE 1

Acto público de:

- Ditame sobre oferta incursa en situación de anormalmente baixa.
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Proposta de adxudicación, se procede.

5.- 2021/CONTRAT/000025: "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO"

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.

6. 2020/CONTRAT/000107: MANTEMENTOS VARIOS NO CASTELO DE STA. CRUZ (MCPL01-RT2020)

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

7.- 2021/CONTRAT/000015: SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS 2021

Acto público de:

- Ditame sobre oferta incursa en situación de anormalmente baixa.
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

- Proposta de adxudicación, se procede.

8.- 2019/CONTRAT/000114 – “ALLEAMENTO DIRECTO DE PARCELAS DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO”

- Ditame sobre oferta presentada por D. Antonio Fernández Salgado e D^a Tania Fernández Salgado.





1. 2021/CONTRAT/000012 - SUBMINISTRACIÓN DE FERROS, ACEIROS E METAIS

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021001301, de 25 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do servizo denominado "SUBMINISTRACIÓN DE ACEIROS, FERROS E METAIS".

O importe de licitación é de 28.000,00€, ao que se lle suma un 21% de IVE (5.880,00€), o que supón un importe de 33.880,00€ IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de dous (02) anos, prorrogable mediante unha (01) prórroga de un (01) ano, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 47.600,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de marzo de 2021. Rematado o día 13 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
HIERROS TORRES Y SÁEZ	A15023823	12-04-2021 11:09

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico ÚNICO presentado pola licitadora denominado "Documentación administrativa e proposición".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	TORRES Y SÁEZ
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

Así, de seguido, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e as referencias avaliadas automaticamente da empresa admitida a esta licitación. A documentación presentada pola licitadora admitida é remitida aos servizos económicos para a súa correspondente avaliación, resultando que estes comprobando que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa atópase en situación de oferta anormalmente baixa. O resumo da oferta achégase no seguinte





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

cadro:

CRITERIO		TORRES Y SÁEZ
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE	18.656,64 € (22.574,53 € IVE incluído)
	LIMIAR DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA	O limiar fíxase en 23.332,40 €
REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA	DÍAS	1 día

Así, da avaliación realizada polos servizos económicos da Mesa, dedúcese que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa HIERROS TORRES Y SÁEZ atópase presuntamente en situación de oferta anormalmente baixa. En vista desta apreciación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO .- Que se lle conceda á empresa HIERROS TORRES Y SÁEZ (A15023823) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co Anexo XIII do prego de cláusulas administrativas particulares.





2. 2021/CONTRAT/000024 – SUBMINISTRO DE MATERIAL CONSUMIBLE DE OFICINA

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021001375, de 29 de marzo, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SUBMINISTRO DE MATERIAL CONSUMIBLE DE OFICINA”.

O importe de licitación é de 86.942,32 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (18.257,88 €), o que supón un importe de 105.200,20 € IVE engadido; que se desagrega do seguinte xeito:

	Total	IVE 21%	Total con IVE
LOTE 1 – PAPEL	21.298,78 €	4.472,74 €	25.771,52 €
LOTE 2 – MATERIAL DE OFICINA	65.643,54 €	13.785,14 €	79.428,68 €
TOTAL	86.942,32 €	18.257,88 €	105.200,20 €

O prazo de execución do referido contrato é de DOUS (2) anos, prorrogable mediante dúas prórrogas de UN (1) ano cada unha, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 173.884,64 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 29 de marzo de 2021, rectificado mediante anuncio de data 7 de abril de 2021. Rematado o día 20 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	LOTE
OFIPAPEL CENTER, S.L.	B82560947	19-04-2021 16:39	2
LUCAS ROJAS, S.L.	B14930903	20-04-2021 09:42	1 e 2
BURO PLANET S.L.U.	B70065131	20-04-2021 12:51	2
PAZ DISMAC, S.L.	B36062180	20-04-2021 12:51	2

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas licitadoras denominado “Documentación administrativa”, para a cal a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	OFIPAPEL	LUCAS ROJAS	BURO PLANET	PAZ DISMAC
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre





española					
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non ter sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta; polo que a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas de empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica contida nos sobres nº 3, e remíteos aos servizos económicos da Mesa para que procedan á súa valoración.

LOTE 1 – Papel

No lote 1 a empresa presenta a seguinte oferta, que se valora polos servizos económicos unha vez comprobado que non incorre en oferta anormalmente baixa:

CRITERIO		LUCAS ROJAS
OFERTA ECONÓMICA GRUPO I	Importe oferta	19.145,47 € (23.166,02 € IVA incluído)
	Porcentaxe desconto	10,11 %
	Puntos	50,00 / 50,00
OFERTA ECONÓMICA GRUPO II	Importe oferta	16.311,67 € (19.737,12 € IVA incluído)
	Porcentaxe desconto	9,90 %
	Puntos	20,00/ 20,00
AMPLITUDE DE CATÁLOGO	Nº referencias	8.986
	Puntos	20,00 / 20,00
MATERIAIS FÓRA DE CATÁLOGO	Oferta	Si
	Puntos	10,00 / 10,00
TOTAL		100,00/100,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 3
1	LUCAS ROJAS, S.L.	B14930903	100,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte **acordo**:

SEGUNDO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 1 – PAPEL** do contrato para a subministración denominada “**SUBMINISTRO DE MATERIAL CONSUMIBLE DE OFICINA**” á empresa LUCAS ROJAS, S.L. (B14930903), que ofertará un desconto de 10,11% sobre o prezo de licitación dos consumibles definidos como grupo I e un 9,90% sobre o prezo de licitación de consumibles definidos como grupo II, adxudicándose o contrato polo importe de 21.298,78 € (sen IVA); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





LOTE 2 – Material de oficina

No lote 2 as empresas presentan as seguintes ofertas:

CRITERIO		LUCAS ROJAS	OFIPAPEL	BURO PLANET	PAZ DISMAC
OFERTA ECONÓMICA GRUPO I	Importe oferta sen IVE	32.920,24 €	45.950,48 €	22.169,58 €	42.668,30 €
	Importe oferta con IVE	39.833,49 €	55.600,08 €	26.825,19 €	51.628,64 €
	Porcentaxe desconto	49,85 %	30,00 %	33,00 %	35,00 %
	Puntos	-	-	-	-
OFERTA ECONÓMICA GRUPO II	Importe oferta sen IVE	33.307,32 €	23.162,25 €	15.518,71 €	30.110,93 €
	Importe oferta con IVE	40.301,86 €	28.026,32 €	18.777,64 €	36.434,23 €
	Porcentaxe desconto	28,10 %	50,00 %	33,00 %	35,00 %
	Puntos	-	-	-	-
AMPLITUDE DE CATÁLOGO	Nº referencias	8.986	11.000	18.000	7.000
	Puntos	-	-	-	-
MATERIAIS FÓRA DE CATÁLOGO	Oferta	Si	Si	Si	Si
	Puntos	-	-	-	-
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		-	-	-	-

Así, os servizos económicos comprobamos que as porcentaxes fixadas por Buroplanet na súa oferta non son coincidentes coas reais, sendo o importe correcto de desconto para a oferta presentada o seguinte:

	GRUPO 1	%	GRUPO 2	%
BUROPLANE T	22.169,58 €	66,23%	15.518,71 €	66,50%

A maiores, os servizos económicos informan de que á hora de realizar a valoración das ofertas, detectamos que a proposición presentada por BURO PLANET S.L.U. (B70065131) atopárase en presunción de baixa anormal.

En vista destas apreciacións, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

TERCEIRO .- Que se lle conceda á empresa BURO PLANET S.L.U. (B70065131) un prazo de cinco días hábiles para que realice os seguintes trámites:

1. Que alegue o que considere pertinente en relación á apreciación da Mesa sobre o erro aritmético no desconto ofertado.
2. Que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co Anexo XII do prego de cláusulas administrativas particulares.





3.- 2021/CONTRAT/000023: "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)"

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021001189, de 18 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra denominada "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)".

O importe de licitación é de 124.056,44 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.051,85 €), o que supón un importe de 150.108,29 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de 2 meses, sen posibilidade de prórroga salvo causas imprevistas. O valor estimado ascende a 154.462,08 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 18 de marzo de 2021. Rematado o día 7 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	B36495604	07-04-2021 11:12
JARDINERIA ARCE, S.L.	B15547979	07-04-2021 18:05

A Mesa de Contratación reunida o día 13 de abril de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considerouna correcta; polo que acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo X do PCAP.

O día 21 de abril de 2021, o Arquitecto Técnico municipal, don José Luis Jares Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Xa que logo, a Mesa procede, en acto público ao que se non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACE xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABAJO
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	6,00 / 25,00
JARDINERIA ARCE, S.L.	24,50 / 25,00





No Anexo XII do PCAP que rexeu a licitación estableceuse que as empresas que non superen o limiar mínimo do 50% da puntuación correspondente á fase de valoración de criterios suxeitos a xuízo de valor quedarán excluídas do procedemento, non procedendo por tanto a apertura da súa oferta económica. Esta é a situación da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.. Así, a Mesa de Contratación, por unanimidade, propón:

PRIMEIRO.- excluír do procedemento á empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L., por non ter acadado o limiar mínimo do 50% da puntuación na fase de valoración de criterios suxeitos a xuízo de valor, tal e como se establece no Anexo XII do PCAP.

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 2, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas polas empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas.

O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO			ARCE
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE		114.131,92 € (138.099,63 € con IVE)
	PUNTUACIÓN		5,00 / 5,00
PRAZO DE GARANTÍA	AUMENTO PRAZO OFERTADO		4 anos
	PUNTUACIÓN		5,00 / 5,00
MELLORAS	Eliminación das escaleiras e acondicionamento da zona	OFERTA	Sí
		PUNTOS	25,00 / 25,00
	Acondicionamento da zona da fronte	OFERTA	Sí
		PUNTOS	30,00 / 30,00
	Retirada de bancos de madeira e murete-banco de pedra e acondicionamento do terreo adxacente	OFERTA	Sí
		PUNTOS	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2			75,00 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	JARDINERIA ARCE, S.L.	B15547979	24,50 / 25,00	75,00 / 75,00	99,50 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de obra denominado "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA LIBERDADE (NÓS)" á empresa JARDINERIA ARCE, S.L. (B15547979) polo importe de 114.131,92 € (138.099,63 € con IVE); de





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.





4.- 2021/CONTRAT/000008: SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS, UNIDADE DE SALVAMENTO E POLICÍA LOCAL 2021 – LOTE 1

Mediante Resolución da Primeira Tenencia da Alcaldía nº 2021000852, de 25 de febreiro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración denominada “VESTIARIO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS, UNIDADE DE SALVAMENTO E POLICÍA LOCAL 2021”. O importe de licitación é de 15.674,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (1.380,54 €), o que supón un importe de 18.965,54 € IVE engadido; e desagregase do seguinte xeito:

	Total	IVE 21%	Total con IVE
LOTE 1	9.100,00 €	1.911,00 €	11.011,00 €
LOTE 2	570,00 €	119,70 €	689,70 €
LOTE 3	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
LOTE 4	3.504,00 €	735,84 €	4.239,84 €
TOTAL	15.674,00 €	1.380,54 €	18.965,54 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de febreiro de 2021. Rematado o día 15 de marzo de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes ofertas para o Lote 1 da licitación:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043	12-03-2021 17:17
DANNERBOOTS, S.L.U.	B94129756	15.3.2021 42

A Mesa de Contratación reunida o 18 de marzo de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”. Así, a Mesa acordou declarar deserto o lote 4 da licitación e remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 dos lotes 1, 2, e 3 a informe dos servizos técnicos para que foran avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XII do PCAP.

En sesión da Mesa de Contratación celebrada o día 31 de marzo de 2021, acordouse declarar deserto o lote 2 e propúxose a adjudicación do lote 3. En canto ao lote 1, deuse conta do informe de valoración das mostras, acadando as licitadoras os seguintes resultados:

NOME DA EMPRESA	MOSTRAS
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	25,00 / 25,00
DANNERBOOTS, S.L.U.	12,50 / 25,00

Posteriormente, e trala apertura da oferta económica, acordouse conceder á empresa DANNERBOOTS, S.L.U. (B94129756) un prazo de cinco días hábiles para xustificar a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co Anexo XIII do prego de cláusulas administrativas particulares. Unha vez transcorrido o prazo concedido para o lote 1, DANNERBOOTS, S.L.U. presenta a documentación xustificativa da súa oferta.





Con data 19 de abril de 2021, o Xefe da Policía Local do Concello de Oleiros, don Miguel Viqueira Pérez, emite informe no que considera que a documentación presentada por DANNERBOOTS, S.L.U. xustifica axeitadamente a baixa ofertada. O informe será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo. Así, a Mesa de Contratación, reunida no día de hoxe, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, e á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais; **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano a admisión da oferta presentada pola empresa “DANNERBOOTS, S.L.U.”, ao considerarse que xustifica axeitadamente a oferta anormalmente baixa.

A continuación, os servizos técnicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas admitidas. Así, unha vez realizada a valoración polos servizos técnicos; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		PRAZO DE ENTREGA		TOTAL SOBRE 2
	Importe sen IVE	PUNTOS	Días	PUNTOS	
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	8.960,00 €	51,09 / 65,00	20 naturais	10,00 / 10,00	61,09 / 75,00
DANNERBOOTS, S.L.U.	7.042,00 €	65,00 / 65,00	20 naturais	10,00 / 10,00	75,00 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 1	TOTAL SOBRE 2	TOTAL
1	DANNERBOOTS, S.L.U.	B94129756	12,50/ 25,00	75,00 / 75,00	87,50/100,00
2	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	B36112043	25,00/ 25,00	61,09 / 75,00	86,09/100,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do **Lote 1 – Prendas de vestiario para a Policía Local** do contrato de subministro denominado “**SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS, UNIDADE DE SALVAMENTO E POLICÍA LOCAL 2021**” á empresa DANNERBOOTS, S.L.U. (B94129756) polo importe de 7.042,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





5.- 2021/CONTRAT/000025: "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO"

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021001340, de 26 de marzo, aprobouse o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do subministro denominado "SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO (negociado sen publicidade - tramitación urxente)".

O importe de licitación é de 3.504,00 €, ao que se suma un 21% IVE 735,84 €, o que supón un importe de 4.239,84 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN (1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 3.504,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse invitación a través Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 29 de marzo de 2021, ás seguintes empresas:

Nome da empresa	Nº Identificación
AXATON, S.L.	B91586529
CAMISSETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	B54585153
DANNERBOOTS, S.L.U.	B94129756

Rematado o día 12 de abril de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CAMISSETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	B54585153	30-03-2021 17:45

A Mesa de Contratación reunida o 13 de abril de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado pola licitadora denominado "Documentación administrativa"; documentación que a Mesa considerou correcta, admitindo a empresa presentada a esta licitación. A continuación, a Mesa procedeu a apertura da documentación cuxa avaliación depende dos criterios de valoración relacionados no Anexo VI do PCAP, introducida no sobre número 2, "Oferta técnica suxeita a valoración.". Así, Mesa acordou remitir o arquivo ou sobre electrónico nº 2 a informe dos servizos técnicos para que fose avaliado de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo VI do PCAP (criterios de valoración).

O día 15 de abril de 2021, o coordinador do SMEPC, don Juan Manuel Suárez Vilas, emite informe técnico de valoración da documentación contida nos sobres nº 2. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado "Oferta relativa a criterios obxectivos e criterios de negociación".

Así, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, resulta que do devandito informe extráense as seguintes puntuacións para os criterios subxectivos a valorar consonte ao Anexo VI do PCAP.





<p>Nome da empresa INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET INCLUDEPICTURE "https://contrataciondeestado.es/wps/PA_PortletsPlace/ibmjsfres/img/1x1.gif" * MERGEFORMATINET</p>	Nº Identificación	Puntuación SOBRE 2
CAMISETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	B54585153	20,00 / 25,00

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación. A continuación, procédese á apertura do sobre nº 3 (“Oferta relativa a criterios obxectivos e criterios de negociación”) da empresa admitida a esta licitación, resultando que se presentou a seguinte oferta:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		PRAZO DE ENTREGA	
	Importe	PUNTOS	Días	PUNTOS
CAMISETAS ECONÓMICAS, S.L.U.	2.407,48 € (2.913,05 € con IVE)	CRITERIO DE NEGOCIACIÓN, A VALORAR SOBRE 65,00 PUNTOS	19	10,00 / 10,00

Así, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que, de acordo co establecido na cláusula 5.7 do prego, se remita esta oferta á Comisión Negociadora nomeada no apartado Quinto da Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021001340, de 26 de marzo, a cal negociará con tódolos licitadores admitidos as condicións do contrato tomando como base as ofertas que estes presenten. Non se negociarán os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato nin tampouco os criterios de adxudicación, é dicir, o prazo de entrega.





6. 2020/CONTRAT/000107: MANTEMENTOS VARIOS NO CASTELO DE STA. CRUZ (MCPL01-RT2020)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020004290, de 23 de outubro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra "MANTEMENTOS VARIOS NO CASTELO DE SANTA CRUZ (MCPL01-RT2020)". O importe de licitación é de 163.499,67 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (34.334,93 €), o que supón un importe de 197.834,60 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de CATRO (4) meses, sen posibilidade de prórroga salvo causas imprevistas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 187.849,64 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 23 de outubro do 2020 e unha posterior corrección o día 2 de novembro do 2020.

Rematado o día 12 de novembro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	12-11-2020 14:06
INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L.	B70240593	12-11-2020 16:41
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	12-11-2020 17:26
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70218185	12-11-2020 18:51

A Mesa de Contratación reunida o 17 de novembro do 2020, con respecto a documentación administrativa, comprobou que para a apertura da documentación presentada pola empresa "DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L." a Plataforma de Contratación do Sector Público indica "pegada dixital", o que impide a apertura da súa oferta. Así, a Mesa acorda concederlle a "Desarrolla Obras y Servicios, S.L." un prazo de tres días hábiles, para que aporten o correo electrónico da PLACSP no que se lles informa da presentación da oferta e/ou o xustificante de presentación.

Presentada a documentación solicitada dentro do prazo concedido, e unha vez consultada a PLACSP, en sesión da Mesa de Contratación do día 19 de novembro de 2020, acordouse a exclusión da empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por atoparse a súa oferta completa aloxada no seu equipo local e non poder garantirse o segredo e integridade da mesma.

Na mesma Mesa do 19 de novembro, remitíronse os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 das empresas admitidas a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.

Con data 23 de novembro de 2020, preséntase na Área de Contratación do Concello de Oleiros un informe da Enxeñeira municipal no que se indica que é necesario paralizar a licitación 2020/CONTRAT/000107, ata obter resposta por parte do organismo competente en materia de protección histórico – artística respecto á viabilidade ou non de realizar os traballos plantexados no proxecto de execución "Mantementos varios no Castelo de Santa Cruz (MCPL01-RT2020)".

Con data 23 de novembro de 2020, a Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación do Concello de Oleiros, comunicou a suspensión da devandita licitación ata obter resposta por parte do organismo competente.





Por Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 6 de abril de 2021, acordouse a autorización das obras no seguinte senso (transcrición parcial):

“Autorizar as intervencións solicitadas, lembrándolle a necesidade de presentar un proxecto de control e seguimento arqueolóxico nos termos da resolución de 18.12.2020, non podendo comezar as obras ata a aprobación de dito proxecto de control e seguimento arqueolóxico.

Por último, lémbrese que, en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tras finalizar a intervención, no prazo máximo de seis meses, achegarse a esta Xefatura Territorial, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e unha reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.”

Con data 8 de abril de 2021, emítase novo informe da Enxeñeira municipal no que se indica que se pode continuar co procedemento de licitación de “MANTEMENTOS VARIOS NO CASTELO DE SANTA CRUZ (MCPL01-RT2020)”, tendo en conta as condicións da Resolución do 6 de abril de 2021.

Con data 13 de abril de 2021, a Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación do Concello de Oleiros, comunicou o levantamento da suspensión da devandita licitación, acordando a celebración da Mesa de Contratación o día 22 de abril de 2021.

Así, o día 21 de abril de 2021, o Arquitecto Técnico municipal, don José Luis Jares Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor. Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Xa que logo, a Mesa procede, en acto público ao que se non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACE xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABALLO
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	17,00 / 25,00
INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L.	14,50 / 25,00
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	24,00 / 25,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 2, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas polas empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas.





O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO			SERGONSA	MELCOR	LÓPEZ CAO
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE		143.160,00 € (173.223,60 € con IVE)	160.556,60 € (194.272,76 € con IVE)	161.045,00 € (194.864,45 € con IVE)
	PUNTUACIÓN		10,00 / 10,00	8,20 / 10,00	8,09 / 10,00
PRAZO GARANTÍA	DE	AUMENTO PRAZO OFERTADO	4 anos	4 anos	4 anos
		PUNTUACIÓN		5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
MELLORAS	Incremento medición "muros y solados de mampostería"	OFERTA	Si	Si	Si
		PUNTOS	20,00 / 20,00	20,00 / 20,00	20,00 / 20,00
	Incremento medición "limpieza y rejuntado mampostería"	OFERTA	Si	Si	Si
		PUNTOS	15,00 / 15,00	15,00 / 15,00	15,00 / 15,00
	Incremento medición "Enlosado piedra silvestre"	OFERTA	Si	Si	Si
		PUNTOS	15,00 / 15,00	15,00 / 15,00	15,00 / 15,00
	Incremento medición "barandilla de madera"	OFERTA	Si	Si	Si
		PUNTOS	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2			75,00 / 75,00	73,20 / 75,00	73,09 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	24,00 / 25,00	73,09 / 75,00	97,09 / 100,00
2	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	17,00 / 25,00	75,00 / 75,00	92,00 / 100,00
3	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L.	B70240593	14,50 / 25,00	73,20 / 75,00	87,70 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de obra denominado "MANTEMENTOS VARIOS NO CASTELO DE SANTA CRUZ (MCPL01-RT2020)" á empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) polo importe de 161.045,00 € (194.864,45 € con IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.





7.- 2021/CONTRAT/000015: SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS 2021

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021001103, de 11 de marzo, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración denominada "SUBMINISTRO DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS 2021".

O importe de licitación, para un prazo de execución de dous anos, é de 57.073,62 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (11.985,46 €), o que supón un importe de 69.059,08 € IVE engadido; que se desagrega do seguinte xeito:

	Total	IVE 21%	Total con IVE
LOTE 1	30.471,28 €	6.398,97 €	36.870,25 €
LOTE 2	26.602,34 €	5.586,49 €	32.188,83 €
TOTAL	57.073,62 €	11.985,46 €	69.059,08 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 12 de marzo de 2021. Rematado o día 29 de marzo de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	LOTE
INFOPRODUCTS, S.L.	B98484512	26-03-2021 14:02	1 e 2
COMPOSTELA DIGITAL, S.L.	B70180989	26-03-2021 17:04	1 e 2
GERSA INFORMÁTICA, S.L.	B60202876	29-03-2021 13:39	1 e 2
JUAN SIRERA PASCUAL (INFOMÁNTICA)	40972429E	29-03-2021 19:23	1 e 2

A Mesa de Contratación reunida o 31 de marzo de 2021 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico ÚNICO presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposición". Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

En canto a valoración das ofertas dos dous lotes, os servizos económicos informaron de que, á hora de realizar a valoración das ofertas, detectaron que as proposicións presentadas pola empresa INFOPRODUCTS, S.L. se atopaba en presunción de baixa anormal. Así, concedéuselle un prazo de cinco días hábiles para xustificar a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co Anexo XIII do prego de cláusulas administrativas particulares.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, INFOPRODUCTS, S.L. presenta a documentación xustificativa da súa oferta. A Mesa de Contratación procede ao estudo da xustificación presentada e emite o seguinte informe:

"EXPEDIENTE: 2021/CONTRAT/000015

ASUNTO: informe sobre a xustificación de oferta anormalmente baixa presentada por Infoproducts á licitación de "Subministración de consumibles informáticos"

A mesa de contratación detectou que a oferta presentada por Infoproducts aos lotes 1 e 2 da licitación identificada co número de expediente 2020/CONTRAT/000015, de subministración de consumibles





informáticos, incorría no suposto de oferta anormalmente baixa, solicitándose a empresa xustificación da mesma. Así, consonte ao Anexo XIII do PCAP, requírese á empresa para que presente a documentación que estime oportuna para xustificar a devandita oferta.

A empresa Infoproducts presenta a seguinte xustificación:

1. Escrito de alegacións sobre as condicións que lle permiten ofertar os prezos referidos na súa oferta
 2. Certificados de calidade
 3. Desenvolvemento dos cálculos de prezos unitarios que permiten realizar a oferta presentada
 4. Informes de HP e Linsed Systems, provedoras de Infoproducts, nos que corroboran a xustificación exposta pola licitadora
- Recibida esta, e a vista da documentación achegada pola empresa, procédese ao seu exame.

1. Imposibilidade de xustificar a baixa temeraria mediante a acreditación da solvencia

Reiterada doutrina dos Tribunais Administrativos de Recursos Contractuais e das Xuntas Consultivas veñen establecendo a imposibilidade de xustificar a oferta anormalmente baixa mediante a acreditación da solvencia da empresa, e manifestando a necesidade de que se xustifique o custo do contrato e a viabilidade do mesmo. De maneira que os certificados de calidade e de boa execución, que acreditarían a solvencia técnica da empresa, non son suficiente para dar xustificación á oferta económica presentada, por non acreditar que se pode dar cumprimento aos custos ofertados mediante os mesmos. É por isto que non se valoraron para a emisión do presente informe.

2. Xustificación dos prezos e procedementos

LOTE 1: CONSUMIBLES ORIXINAIS

A xustificación presentada pola empresa indica que, sendo arredor do 90% do valor total da oferta de consumibles orixinais da marca HP, a situación da licitadora é moi beneficiosa por contar a cualificación de "power partner" do fabricante. Esta cualificación permite a Infoproducts realizar unha oferta moi competitiva por considerar HP ao Concello de Oleiros a efectos de catalogación interna de HP de "gran conta", e beneficiándose por tanto duns prezos moi inferiores aos estándar de mercado, mantendo un beneficio do 5-10%.

Ademais disto, tanto Infoproducts como HP, a través de informe anexo á xustificación, informan de que existe un pacto entre ambas dúas entidades para entregar o produto dende os almacéns oficiais do provedor, reducíndose por tanto notablemente os custos financeiros, de transporte, inventario, loxística, stock, seguros, persoal, almacén, subministros, etc, que poderían acadar un 50% dos custos nunha oferta destas características.

Achégase tamén unha táboa cos prezos unitarios presentados para cada un dos produtos incluídos na listaxe orientativa do PCAP. Compróbase que, salvo algunha pequena variación derivada do redondeo dos números obtidos, as cifras coinciden coa oferta achegada para cada un dos lotes.

LOTE 2: CONSUMIBLES COMPATIBLES

No caso do lote 2, a situación descrita é similar á do lote 1. A empresa que subministra os produtos a Infoproducts é Linsed Systems, un dos fabricantes con maior volumen de produción e especialización a nivel Europeo, e que outorga á licitadora a cualificación de "distribuidor preferente autorizado", permitíndolle así gozar de melloras nos prezos. Ademais, o fabricante conta cunha sección especializada na atención á Administración Pública, onde se atopa enmarcado o Concello de Oleiros, ofrecendo uns descontos moi agresivos, se ben a marxe comercial oscila entre o 15-20%.

Faise mención tamén ao pacto para entregar o produto dende os almacéns oficiais do provedor, reducíndose por tanto notablemente os custos financeiros, de transporte, inventario, loxística, stock, seguros, persoal, almacén, subministros, etc. E indícase que a empresa adaptárase á forma de traballar do Concello, de maneira que non se sufrirá ningún trastorno nese sentido, e a execución do contrato seguirá a liña da contratación anterior. Tamén se crea un subalmacén con stock de seguridade.

Achégase tamén unha táboa cos prezos unitarios presentados para cada un dos produtos incluídos na listaxe orientativa do PCAP.





Achégase tamén unha táboa cos prezos unitarios presentados para cada un dos produtos incluídos na listaxe orientativa do PCAP. Compróbase que, salvo algunha pequena variación derivada do redondeo dos números obtidos, as cifras coinciden coa oferta achegada para cada un dos lotes.

3. Análise da xustificación

A LCSP establece un procedemento contraditorio para evitar que as ofertas desproporcionadas poidan rexeitar sen comprobar previamente a posibilidade do seu cumprimento. A información presentada non ten por obxecto demostrar a viabilidade dunha oferta senón explicar satisfactoriamente o baixo nivel do prezo proposto. Esa xustificación, así mesmo, debe entenderse referida ás precisións que solicite o órgano de contratación.

En definitiva, non se trata de xustificar exhaustivamente a oferta ou detallar pormenorizadamente os custos, senón de prover de argumentos que permitan ao órgano de contratación chegar á convicción de que se pode levar a cabo. Neste sentido, o artigo 84 da Directiva 2014/25/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais establece que "O poder adjudicador avaliará a información proporcionada consultando ao licitador. Só poderá rexeitar a oferta no caso de que os documentos achegados non expliquen satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos".

A documentación presentada, avalada tanto pola presentación do desglose de prezos unitarios como polo informe de conformidade dos fabricantes dos produtos, que garanten a rendibilidade do contrato nos termos económicos expostos pola licitadora, permite coñecer os motivos polos que a oferta se realiza nuns termos tan competitivos. En consecuencia, considérase que a empresa presentou a xustificación da súa oferta desenvolvendo suficientemente o orzamento de gasto obxecto do requirimento e alegando as vantaxes e solucións técnicas que lle permiten realizar a oferta presentada, polo que se considera que a oferta é viable.

4. Conclusións

Coa información presentada por Infoproducts, **considérase que se atopa xustificada a oferta anormalmente baixa para os lotes 1 e 2 da licitación de consumibles informáticos**, e propónse á Mesa e ao Órgano de Contratación que se proceda á súa aceptación. "

Así, a Mesa de Contratación, reunida no día de hoxe, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, e á vista do informe emitido polos servizos técnicos municipais; **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano a admisión da oferta presentada pola empresa "INFOPRODUCTS, S.L."

A continuación, os servizos técnicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas admitidas.

LOTE 1 – Impresoras en branco e negro

Así, unha vez admitida a oferta da empresa INFOPRODUCTS, S.L., resulta o seguinte cadro de puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA ORIXINAIS		OFERTA ECONÓMICA COMPATIBLES		TOTAL
	% e Importe sen IVE	PUNTOS	Importe sen IVE	PUNTOS	
INFOPRODUCTS, S.L.	27,01 % - 22.240,99 €	60,00 / 60,00	76,53 % - 3.534,53 %	40,00 / 40,00	100,00 / 100,00
COMPOSTELA DIGITAL, S.L.	1,00 % - 30.166,57 €	2,22 / 60,00	1,00 % - 14.909,16 €	0,52 / 40,00	2,74 / 100,00
GERSA INFORMÁTICA, S.L.	5,00 % - 28.947,72 €	11,11 / 60,00	50,00 % - 7.529,88 €	26,13 / 40,00	37,24 / 100,00





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

JUAN SIRERA PASCUAL (INFOMÁNTICA)	14,00 % - 26.205,30 €	31,10 / 60,00	40,00 % - 9.035,86 €	20,91 / 40,00	52,01 / 100,00
-----------------------------------	-----------------------	---------------	----------------------	---------------	----------------

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	INFOPRODUCTS, S.L.	B98484512	100,00 / 100,00
2	JUAN SIRERA PASCUAL (INFOMÁNTICA)	40972429E	52,01 / 100,00
3	GERSA INFORMÁTICA, S.L.	B60202876	37,24 / 100,00
4	COMPOSTELA DIGITAL, S.L.	B70180989	2,74 / 100,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do **Lote 1 – Impresoras en branco e negro** do contrato de subministro denominado “**SUBMINISTRO DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS 2021**” á empresa INFOPRODUCTS, S.L. (B98484512), que ofertará un desconto de 27,01% sobre o prezo de licitación dos consumibles orixinais e un 76,53% sobre o prezo de licitación de compatibles, adxudicándose o contrato polo importe de 30.471,28 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

LOTE 2 – Impresoras a cor

Así, unha vez admitida a oferta da empresa INFOPRODUCTS, S.L., resulta o seguinte cadro de puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA ORIXINAIS		OFERTA ECONÓMICA COMPATIBLES		TOTAL
	% e Importe sen IVE	PUNTOS	Importe sen IVE	PUNTOS	
INFOPRODUCTS, S.L.	20,82 % - 21.063,73 €	60,00 / 60,00	54,99 % - 5.943,62 €	40,00 / 40,00	100,00 / 100,00
COMPOSTELA DIGITAL, S.L.	1,00 % - 26.336,32 €	2,88 / 60,00	1,00 % - 13.073,05 €	0,73 / 40,00	3,61 / 100,00
GERSA INFORMÁTICA, S.L.	2,00 % - 26.070,29 €	5,76 / 60,00	40,00 % - 7.923,06 €	29,10 / 40,00	34,86 / 100,00
JUAN SIRERA PASCUAL (INFOMÁNTICA)	3,00 % - 25.804,27 €	8,65 / 60,00	26,00 % - 12.808,95 €	18,91 / 40,00	27,56 / 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	INFOPRODUCTS, S.L.	B98484512	100,00 / 100,00
2	GERSA INFORMÁTICA, S.L.	B60202876	34,86 / 100,00
3	JUAN SIRERA PASCUAL (INFOMÁNTICA)	40972429E	27,56 / 100,00
4	COMPOSTELA DIGITAL, S.L.	B70180989	3,61 / 100,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

TERCEIRO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do **Lote 2 – Impresoras a cor** do contrato de subministro denominado “**SUBMINISTRO DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS 2021**” á empresa INFOPRODUCTS, S.L. (B98484512), que ofertará un desconto de 20,82% sobre o prezo de licitación dos consumibles orixinais e un 54,99% sobre o prezo de licitación de compatibles,





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

adxudicándose o contrato polo importe de 26.602,34 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





8.- 2019/CONTRAT/000114 - "ALLEAMENTO DIRECTO DE PARCELAS DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO"

Por Decreto 2019003616, de 6 de setembro de 2019, e trala celebración dun procedemento de poxa no que quedaron parcelas non adxudicadas, aprobouse o expediente de ALLEAMENTO DIRECTO DE PARCELAS DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, incluíndose no mesmo as parcelas que a continuación se relacionan:

PARCELA	M ²	Referencia Catastral	Importe sen IVE	IVE 21%	Importe total
6. Parcela 1033 P. Reparcelación P.P.6 Oleiros	992,50 m2	5383953NH5958S0001WI	279.643,48 €	58.725,13 €	338.368,61 €
1. Parcela Z.1-2 SUNP A-37 Iñás	537,50 m2	5665907NH5956N0001US	93.611,00 €	19.658,31 €	113.269,31 €
7. Parcela -PROINDIVISO -64'125% DA PARCELA 1071 DO P. REPARCELACIÓN DO SUP 1-R O CARBALLIDO - PERILLO	202,40 m2. o 64'125% de 315'63 m2	1087693NH5918N0001RU	85.503,64 €	17.955,76 €	103.459,40 €
Parcela 51 Punxeiro Mera	488,32 m2	4239903NJ5043N0001BA	80.194,50 €	16.840,85 €	97.035,35 €
P.P. CANIDE - PARCELA RUP-4.2-2	280,70 m2	4022308NJ5042S0001PW	73.597,67 €	15.455,51 €	89.053,18 €
P.P. CANIDE - PARCELA RUP-4.2-3	308,40 m2	4022309NJ5042S0001LW	80.862,22 €	16.981,07 €	97.843,29 €
P.P. CANIDE - PARCELA RUP-4.2-4	318,40 m2	4022310NJ5042S0001QW	83.483,65 €	17.531,57 €	101.015,22 €
8. Parcela - PROINDIVISO - 30'5636% DA PARCELA 5.7 DO P. DE EQUIDISTRIBUCIÓN DE CANIDE	162'90m2 : o 30'5636% de 533'00 m2	3820423NJ5032S0001IZ	32.241,52 €	6.770,72 €	39.012,24 €
P.P.MERA - PARCELA RF-21	404 m2	3933913NJ5033S0001UG	69.196,29 €	14.531,22 €	83.727,51 €
P.P.MERA - PARCELA RF-34	344 m2	3832605NJ5033S0001XG	66.866,43 €	14.041,95 €	80.908,38 €
P.P.MERA - PARCELA RF-38	305 m2	3932115NJ5033S0001AG	71.992,09 €	15.118,34 €	87.110,43 €
P.P.MERA - PARCELA RF-16	319 m2	3933918NJ5033S0001YG	9.552,35 €	2.005,99 €	11.558,34 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.1	608,19 m2	4398101NH5949N0001YD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.2	600 m2	4398102NH5949N0001GD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.3	615,44 m2	4398103NH5949N0001QD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.4	615,44 m2	4398104NH5949N0001PD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.5	600 m2	4398405NH5949N0001LD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-7.6	637,55 m2	4398106NH5949N0001TD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-8.1	626,83 m2	4397201NH5949N0001TD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-8.3	603,15 m2	4397203NH5949N0001MD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-8.4	603,18 m2	4397204NH5949N00010D	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-9.1	603,15 m2	4398807NH5949N0001LD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
P.P.XAZ - PARCELA RP-9.2	602,34 m2	4398806NH5949N0001PD	150.491,99 €	31.603,32 €	182.095,31 €
TOTAL			2.682.156,73 €	563.252,94 €	3.245.409,67 €

O día 13 de abril de 2021 co nº RE 2021005746, recibíuse no Rexistro Xeral do Concello a seguinte solicitude de adxudicación, en sobre pechado:





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

DENOMINACIÓN E NIF DOS SOLICITANTES	DATA E HORA DE REXISTRO	NÚMERO DE REXISTRO
Tania Fernández Salgado – 47.363.771-D Antonio Fernández Salgado	13/04/2021 11:56:22	2021005746

Por Decreto 2019003616, de 6 de setembro, estableceuse un prazo de 1 ano para a presentación de ofertas para adxudicación directa das parcelas a computar dende o 16 de setembro de 2019. Este prazo figura como prazo máximo para a venda directa tras unha poxa pública no artigo 137.4.d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, que indica:

“4. Poderase acordar a adxudicación directa nos seguintes supostos:

(...)

d) Cando fose declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento ou estes resultasen errados como consecuencia do incumprimento das súas obrigacións por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a celebración dos mesmos. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores das anunciadas previamente ou daquelas en que se produciu a adxudicación.”

Xa que logo, e aínda tendo en conta a suspensión de prazos administrativos decretada por Real Decreto-lei 463/2020, de 14 de marzo, a oferta que se está a avaliar non estaría en prazo para a súa presentación e tramitación. En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda propoñer ao órgano de contratación:

PRIMEIRO.- Non admitir a oferta presentada por dona Tania Fernández Salgado e don Antonio Fernández Salgado a esta licitación; por atoparse fóra de prazo.

SEGUNDO.- Que se comprobe se as persoas interesadas depositaron a garantía previa necesaria para presentar a oferta nesta licitación, e, de ser o caso, se proceda ao trámite de devolución da garantía provisional presentada coa oferta, polo importe de 500,00 €.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago Alexandre López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a M^a José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.

